

# A TITORÍA

Halfdan Ullmann Tøndel, 2024


# 1462

ESTREA EN NUMAX: 14.02.2025 | V.O.S.E. | +12 | 117 min

Armand, un neno de 6 anos, é acusado de traspasar certos límites co seu compañeiro de clase Jon. Ninguén sabe exactamente o que sucedeu, así que a dirección do colexio convoca os pais para discutir o tema, desencadeando un axitado conflito que porá sobre a mesa cuestións como a sexualidade na infancia, a culpabilidade ou a complexidade das zonas grises que existen entre a violencia e o xogo.

«Ten unhas magníficas feituradas escénicas, case teatrais. Pero o que é realmente excepcional é a interpretación de Renate Reinsve»

Oti Rodríguez Marchante, ABC



## Entrevista con Halfdan Ullmann Tøndel: «Para min, as explicacións quítanlle a graza ás películas»

Por Marta Balaga

**Cando a película estaba aínda en fase de rodaxe, revelaches algunhas escenas no Göteborg Film Festival, incluída esa secuencia de baile con Elisabeth. Resulta evidente que a linguaxe corporal ten moita importancia nesta película.**

Encántame ver bailar nas películas, así que non quería que á miña lle faltasen escenas así. É precioso cando a cámara e os actores están así de sincronizados. Supoñíase que este baile en concreto ía ser máis curto. Entón o coreógrafo ensinoume a escena, dous días antes da rodaxe, e fascinoume. Kubrick adoitaba dicir que o cinema tiña que ser como a música, é dicir, que tiña que constituír unha progresión de estados de ánimo e sentimentos. Non quería limitarme a seguir unha trama. Supoño que a algunhas persoas sorprendeulles a miña cinta, e seguro que senten a necesidade de atopar explicación lóxica: Estarase Elisabeth preparando para unha obra de teatro? É por iso polo que baila? Para min, as explicacións quítanlle a graza ás películas. Gústame ver algo para preguntarme despois por que a xente fai o que fai.

**Os adultos vense obrigados a enfrontarse a algo extremadamente incómodo na túa película: a sexualidade dos nenos. E non só iso, teñen que falar diso.** Eu traballaba nunha escola primaria cando tiña pouco máis de 20 anos, e agora tamén teño un fillo pequeno. A xente séntese moi incómoda cando ten que manter este tipo de conversas. O primeiro que se me ocorreu foi o momento no que o profesor conta aos pais o que pasou entre os dous mozos. Unha das primeiras cousas que se pregunta un é onde o aprenderán. É estraño, porque se trata de algo que, a pesar de ser completamente natural nun xardín de infancia, deixa de selo na escola primaria, pero os nenos non o saben! Non coñecen esa liña entre o que está permitido e o que non, e moverme neste terreo foi en grao sumo interesante.

**Non mostras aos nenos e, por tanto, non deixas que se expresen na túa película. Por que?** Nunca se tratou dos nenos, senón dos pais. Quería que a historia virase ao redor de como os nenos copian a súa forma de comportarse, a como os adultos se ven a si mesmos nos fillos. Estaba seguro de que a elección de non revelar quen eran Armand e o seu amigo tiña máis forza. A única explicación posible a algo así é pensar que vén dos pais.

**A xente prefere culpar aos pais no canto da os fillos. Crees que é xusto facelo?** As investigacións demostran que o que ocorre en casa ten bastante peso na conduta dun neno. Temos que intervir cando nos decatamos de que hai problemas no fogar. Os nenos non teñen unha linguaxe para todo, pero repiten o que ven.

**Sen dúbida, tes a mirada posta nos adultos, sobre todo nela. Elisabeth é guapa e famosa, así que, só por iso, os outros queren vela caer.** Os famosos, os actores... Son as persoas sobre as que máis opinamos, aínda que non teñamos nin idea das súas vidas [o director é neto de Liv Ullmann e Ingmar Bergman]. Esta película consiste en coller a pouca información que poidas reunir para logo inventar o resto da historia. Tiña todo o sentido do mundo facer de Elisabeth unha figura pública.